

CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Licencia CM 5 1ª Ocupación

ISLA MOURON, C.B.
CAMINO SUR Nº41
28109 Alcobendas (Madrid)

NOTIFICACIÓN

Comunícolle que a Alcaldía deste Concello en data 4 de abril de 2018 ditou a seguinte resolución:

"RESOLUCIÓN. Licenza de primeira ocupación.

Exp. 2017/U007/000012. Vista a solicitude de data quince de novembro de dous mil dezasete, número de rexistro 2985, presentada por D. Luis Carreras Álvarez Ossorio, en nome e representación de Isla Mourón CB, na que se interesa licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar situada en Cardeita nº 5, finca 5.

Visto que con data 16 de decembro de 2009 a Xunta de Goberno outorgou licenza a Isla Mourón C.B. para a construción de vivenda unifamiliar illada, en Cardeita nº 5, finca 5, Cabanas, expediente 99/2009, e con data 15 de xaneiro de 2014, autorizouse o proxecto reformado e ampliado para a execución das obras correspondentes ao expediente de licenza de obra 99/2009, despois da tramitación do expediente de reposición de legalidade urbanística resolto por Resolución 70/2013 e dos recursos resoltos en Resolucións 190/2013 e 191/2013.

Visto a documentación que achega coa solicitude, certificado final de obra, alta da Dirección Xeral do Catastro e informe favorable do arquitecto municipal de data 2 de abril de 2018, no que se conclúe:

"1º. Infórmase favorablemente ao outorgamento da licenza municipal de primeira ocupación solicitada por estimarse que a documentación presentada axústase ás normas urbanísticas vixentes no Concello de Cabanas e que o edificio construído durante a fase de execución da obra respecta as determinacións establecidas para a reposición da legalidade urbanística nos informes do arquitecto municipal de datas 12 de decembro de 2012 e 26 de abril de 2013, verificándose que a edificación construída ten correspondencia co proxecto técnico aprobado con motivo da tramitación do expediente de reposición de legalidade urbanística e se respectan as condicións do proxecto licenciado que non foron obxecto do expediente de reposición de legalidade urbanística incoado no Decreto 091/2012 de suspensión de obras de data 16 de abril de 2012 (...).

2º. Apórtase a certificación final de obra emitida pola dirección facultativa das obras cos correspondentes visados colexiais.

3º. Apórtase a xustificación na tramitación administrativa de alta no imposto de bens inmobles (I.B.I.)

CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

4º. As obras executadas deixan libre o espazo correspondente á superficie de cesións obrigatoria para viais (para a apertura ou regularización do viario) tal e como se contempla no proxecto técnico autorizado de conformidade coas determinacións do planeamento vixente.

Foi efectuado o acondicionamento e a urbanización dos terreos obxecto das ditas cesións aos efectos da súa adecuación ao rasante do vial municipal existente que da acceso á parcela e á edificación de conformidade coa documentación técnica tramitada ante a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

Foi executada a conexión cos servizos existentes no núcleo urbano de conformidade coas determinacións recollidas no proxecto técnico autorizado."

Visto o informe de secretaría e de conformidade co disposto nos artigos 142 a 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e artigos 351 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia., así como o procedemento para a súa concesión.

De conformidade cos antecedentes expostos e as atribucións que me confire o artigo 21.1 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

RESOLVO:

1º. Outorgar a licenza de primeira ocupación da obra que a continuación se detalla:

Promotor: Isla Mourón CB. Situación: Cardeita nº 5, finca 5, Cabanas. Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Vivenda unifamiliar illada. Técnico autor do proxecto: Juan Carlos Pérez Cordero. Director das obras: Luis Manuel Aboy Soto.

2º. Aprobar a liquidación por tributos municipais segundo o seguinte detalle:

Taxa expedición Licenza de Primeira Ocupación (0,20% Certificado final custe efectivo das obras -140.152,49 €) =280,30 euros.

3º. Notificar este acordo que pon fin á vía administrativa ao solicitante e dar traslado aos demais interesados, con detalle dos recursos procedentes."

LIQUIDACIÓN:

Taxa expedición licenza primeira ocupación (0,20% custe efectivo das obras (140.152,49 euros)	280,30 €
---	----------

RECURSOS: Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa poderá interpoñer os seguintes recursos:

CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

1º.-Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optáse por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

2º.-Contra a referida liquidación poderá interpoñer perante o referido órgano municipal, o recurso de reposición no prazo dun mes (igualmente contado dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación) a que se refire o artigo 108 da Lei reguladora das bases do réxime local de 2 de abril de 1985, tal como preceptúa o artigo do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, debendo terse en conta as condicións e circunstancias previstas neste artigo. Contra a resolución expresa deste recurso de reposición poderá interpoñer o contencioso-administrativo, ante o mesmo órgano xudicial en igual prazo e forma do apartado anterior.

3º.-Así mesmo instrúeselle que contra este acto administrativo poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan perante a xurisdición competente.

PAGAMENTO DA LIQUIDACIÓN: Na Tesourería deste Concello en horas de oficina, ou por transferencia bancaria nas contas que este Concello ten nas seguintes entidades:

ES94-2100-5486-51-0200010305, La Caixa, oficina de Pontedeume.

ES13-2080-0201-98-3110000052, Abanca, oficina de Pontedeume.

Facendo constar en concepto expte.: **2017/U007/000012**, todo isto no seguinte prazo:

Liquidacións notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de notificación ata o día 5 do mes seguinte.

Liquidacións notificadas o día 16 e o último de cada mes, dende a data de notificación ata o día 20 do mes seguinte.

Cabanas, 4 de abril de 2018

O Secretario,

Antonio López Vila

CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

FIRMADO POR Antonio López Vila (NIF: 76796155Y) (FECHA: 04/04/2018)
Registro de salida: 201800000000449 Fecha Registro: 04/04/2018
Versión imprimible

CVD: KiDWx8XDFkiuFJHpQme5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.